

Resolución Reitoral do 4 de maio de 2017 pola que se abre a convocatoria de Bolsas de Mobilidade de Campus do Mar 2017, destinadas a profesores/as e investigadores/as do Campus do Mar, para realizar estadías en universidades da rede CEI.MARNET.



BOLSAS DE MOBILIDADE PARA PROFESORES/AS E INVESTIGADORES/AS DO CAMPUS DO MAR PARA A REALIZACIÓN DE ESTADÍAS EN UNIVERSIDADES DA REDE CEI.MARNET

Sendo beneficiario o Campus de Excelencia Internacional Campus do Mar "Knowledge in depth" dunha axuda do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte na convocatoria de Axudas para a consolidación de proxectos de excelencia das universidades, resolución do 4 de decembro de 2015 da Secretaría de Estado de Educación, Formión Profesional e Universidades, esta Reitoría

RESOLVE:

Publicar unha convocatoria en réxime de concorrencia competitiva de Bolsas de Mobilidade para realizar estadías noutras universidades da rede CEI.MARNET co obxectivo de estimular a interacción e o traballo conxunto entre os/as investigadores/as do Campus do Mar e aqueles/as pertencentes ao resto de institucións da rede CEI.MARNET, destinada aos/ás profesores/as e investigadores/as de Campus do Mar, de conformidade coas bases da convocatoria expostas a continuación.

Contra esta Resolución de convocatoria, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante os/as interesados/as poderán optar por interpoñer contra esta Resolución Recurso de Reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente Resolución, perante o mesmo órgano que ditou, neste caso non de poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interpuesto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

NOTA: Dilixencia para facer constar que este acordo se publica nos taboleiros de anuncios do Rexistrio do Campus de Vigo desta Universidade con data 4 de maio de 2017.

Xefa da Secretaría do Reitor



Vigo, 4 de maio de 2017



Universidade de Vigo -
Rexistrio Xeral

Saída N.º 201700007181
04/05/17 13:34:35

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS DE MOBILIDADE PARA A REALIZACIÓN DE ESTADÍAS EN UNIVERSIDADES DA REDE CEI.MARNET 2017

1. OBXECTO

A rede de Campus de Excelencia Internacional (CEI) do ámbito mariño, CEI.MARNET, está formada polos CEIs Campus do Mar, CEIMAR, Campus Atlántico Tricontinental e Campus Mare Nostrum, e nace co obxectivo de establecer unha alianza estratéxica que busca sinerxías, optimización de recursos e posta en valor do coñecemento do mar para articular a proxección internacional destes Campus de Excelencia, promover a colaboración e o aprendizaxe mutuo entre as institucións que a compoñen e o desenvolvemento dun programa de accións conxuntas.

Sobre a base deste principio, a presente convocatoria de bolsas de mobilidade ten como obxectivo estimular a interacción e o traballo conxunto entre os/as investigadores/as e docentes do Campus do Mar e aqueles/as pertencentes ao resto de institucións da rede CEI.MARNET, destinada aos/ás profesores/as e investigadores do Campus do Mar. Agardase que este programa de intercambio conduza ao incremento das accións conxuntas en materia de docencia e de I+D, en particular no relativo á solicitude de proxectos de investigación nacionais e internacionais e programas de posgrao conxuntos.

Esta convocatoria vincúlase á concesión de axuda por parte da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades na convocatoria de Axudas para a consolidación de proxectos de excelencia das universidades, Resolución do 4 de novembro de 2015 (BOE 5-11-2015), e desenvólvese de acordo coas condicións establecidas na devandita convocatoria, tanto ao respecto do obxecto da mesma como dos potenciais beneficiarios.

2. PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán solicitar estas axudas as/os profesoras/es e investigadores/as con vinculación laboral ás institucións promotoras do Campus do Mar asentados na Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen nalgunha das seguintes situacions:

- Doutores/as que se atopen vinculados ao organismo beneficiario mediante unha relación estatutaria ou laboral de carácter indefinido, así como os doutores vinculados a dita entidade mediante un contrato do programa Ramón y Cajal e outros programas análogos en contía, duración e natureza.
- Os/as profesores/as eméritos e doutores/as “ad honórem” con vinculación contractual coa entidade beneficiaria, que cubra, polo menos, o prazo de duración da estadía.

Os/as investigadores /ase docentes solicitantes deberán cumplir os requisitos establecidos neste apartado o día no que finalice o prazo de presentación de solicitudes á presente convocatoria; calquera variación deberá comunicarse ao órgano de instrución de forma

obrigatoria e explícita.

As temáticas de investigación e as actividades vinculadas coa docencia a desenvolver polos/as investigadores/as e profesores/as solicitantes destas axudas deben enmarcarse na colaboración docente e investigadora coas institución que forman parte da rede CEIMAR.NET.

Non poderán ter a condición de beneficiario as persoas nas que concorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3. INCOMPATIBILIDADES

As bolsas serán incompatibles con calquera outra bolsa ou axuda concedidas por calquera institución pública ou privada para a mesma estadía.

4. DURACIÓN

O tempo máximo de financiamento das estadías será dun mes e deberán desenvolverse dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2017.

5. DOTACIÓN E PAGAMENTO

Estas axudas, financiaranse nesta convocatoria con cargo á aplicación orzamentaria 2017 0000 131HCEX 481.02. O custe económico total das bolsas finanziadas non excederá de 12.000 €.

A bolsa está destinada a cubrir os gastos de aloxamento, manutención e desprazamento, para realizar estadías en universidades da rede CEI.MARNET.

O pago estará suxeito á retención de IRPF que estableza a normativa vixente nesta materia.

O importe das axudas para cada caso, ata un máximo de 1.200 €, establecerá a Comisión Avaliadora, en función do lugar onde se realice a estadía e dos seguintes criterios de referencia:

- a) Alojamento e manutención: 30 €/día.
- b) Gastos de desprazamento:
 - Península: 285 €
 - Canarias: 465 €

Publicada a resolución de concesión o 90% da axuda farase efectiva antes do inicio da estadía, unha vez sexa enviada a aceptación da axuda por parte do beneficiario ao Campus do Mar (Praza Miralles, Campus Lagoas - Marcosende, Universidade de Vigo, 36310, Vigo, campusdomar@uvigo.es). O 10% restante farase efectivo unha vez que a persoa beneficiaria remita a Campus do Mar a seguinte documentación no prazo máximo dun mes dende a finalización da estadía:

1. Memoria das actividades realizadas
2. Certificado da estadía emitido pola institución receptora no que figuren as datas exactas de inicio e fin da estadía

6. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

O prazo de presentación permanecerá aberto desde a data de publicación desta convocatoria ata o **22 de maio de 2016**.

As solicitudes en modelo normalizado (Anexo I) presentaranse nos rexistros auxiliares ou xeral da Universidade de Vigo ou da cordo coas previsións do artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e dirixiranse ao Director de Campus do Mar (para calquera dúbida ou aclaración dirixirse ao Campus do Mar, Universidade de Vigo, Praza Miralles, Campus Lagoas-Marcosende, 36310, Vigo, España, campusmar@uvigo.es, 986130000) acompañadas da seguinte documentación:

a) Plan de traballo segundo o formulario do Anexo I que conterá:

- I. Unha descripción do proxecto de investigación ou actividades a desenvolver no lugar de realización da estancia
- II. Unha descripción das accións que conduzan ao incremento das acciones de colaboración tanto no ámbito docente como investigador da rede CEIMAR.NET
- III. Un informe que describa a calidade do centro e/ou grupo receptor

b) Documento que acredeite a admisión no centro para o que se solicita a estadía ou a invitación do grupo de investigación receptor. Se estes documentos están en trámite, deberase achegar copia da correspondencia que se mantivo a tal fin.

c) Declaración responsable de non ter recibido axuda doutra institución e compromiso de comunicar ao Campus do Mar sobre calquera axuda concedida para o mesmo fin.

d) Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a seguridade social e de non ter pendente de pago algunha débeda coa administración pública.

e) Curriculum vitae e contribución científico-tecnolóxica dos últimos 10 anos, segundo os méritos previstos no Anexo II que se consideran na avaliación. Rematado o prazo de presentación de solicitudes non se admitirá documentación relativa aos méritos.

No caso dos/as profesores/as e investigadores/as contratados polas universidades do Sistema Universitario de Galicia e que figuren no Plan de Organización Docente (POD) dalgunha destas universidades:

- Unha vez concedida a bolsa, para formalizar a concesión aportarase o Permiso oficial de ausencia en impreso normalizado da Vicerreitoría con competencias en Organización Académica e Profesorado da súa universidade.

Os datos persoais recollidos na solicitude teñen carácter obrigatorio e serán tratados pola Universidade de Vigo para a organización da docencia e o estudo, así como para o exercicio das demais funcións propias do Servizo Público de Educación Superior, reguladas na Lei Orgánica de Universidades e nos Estatutos da Universidade de Vigo.

O/A solicitante está de acordo en que os seus datos persoais sexan recollidos, tratados, e de ser o caso, cedidos para os seguintes fins: xestión administrativa e académica do seu expediente, oferta e presentación de servizos universitarios, realización de estatísticas, proxectos de investigación, avaliaciós, enquisas e seguimento dos servizos universitarios prestados, así como a realización de accións destinadas ao fomento do emprego e prácticas en empresas. O responsable do tratamiento destes datos é a Universidade de Vigo e Campus do Mar. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao seu tratamiento exercitarase ante a Universidade de Vigo.

7. AVALIACIÓN E SELECCIÓN

Para proceder á valoración e priorización das solicitudes presentadas, constituirase unha Comisión de Avaliación específica, formada pola Decana da Facultade de Ciencias do Mar (Belén Rubio Armesto), Gabriel Rosón Porto (Profesor Titular da Universidade de Vigo) e presidida pola Directora da Área de Docencia e Captación de talento do Campus do Mar (Elsa Vázquez Otero),.

A Comisión de Avaliación, unha vez recibidas as solicitudes, comprobará que cumplan os requisitos básicos da convocatoria, e publicará unha listaxe de admitidos/as e excluídos/as, indicando os motivos de exclusión e dándolles un prazo de 5 días hábiles para emendar os erros e achegar a documentación necesaria, a partir do día seguinte da publicación da listaxe.

Dita documentación presentarase nos rexistros xeral ou auxiliares da Universidade de Vigo ou de acordo coas previsións do artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dirixidas ao Director de Campus do Mar.

Unha vez emendados os erros, achegaranse as solicitudes así coma a documentación, a través do correo electrónico á Comisión de Avaliación, que arbitrará os mecanismos e medios para proceder á avaliação e selección das solicitudes presentadas, considerando especificamente o seguinte :

- Curriculum vitae e contribución científico-técnica do solicitante nos últimos 10 anos segundo o baremo que figura no Anexo II. Este apartado suporá o 40% da valoración total.
- Calidade e viabilidade científico-técnica da actividade investigadora que se propón desenvolver así como a calidade do centro receptor. Este apartado suporá o 30% da valoración total.
- Viabilidade, relevancia e alcance das actividades e accións de colaboración tanto no ámbito docente como investigador da rede CEIMAR.NET. Este apartado suporá o 30% da valoración total.

A Comisión de Avaliación elaborará unha proposta de Resolución reitoral de concesión provisional das bolsas que se fará pública. Establécese un prazo de reclamacións de 5 días hábiles, a contar a partir do día seguinte á data de publicación desta resolución. Estas reclamacións serán presentadas no rexistro xeral ou auxiliares da Universidade de Vigo ou de acordo coas previsións do artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dirixidas á Comisión Avaliadora das axudas. Transcorrido este prazo publicarase a resolución reitoral coa adxudicación definitiva das axudas e coa lista de suplentes.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

8. OBRIGAS

As persoas beneficiarias das bolsas están obrigadas a:

- a) Remitir a Campus do Mar unha vez rematada a actividade e no prazo máximo dun mes, a seguinte documentación:
 - Unha memoria do traballo realizado na que se detallen os principais logros acadados, así como as relacóns ou vínculos establecidos (a memoria deberá ter un mínimo de 5 folios e un máximo de 10)
 - Unha copia do certificado expedido no centro receptor onde se especifique o tempo da estadía.
- b) Destinar a axuda á finalidade para a que foi concedida, xustificando a estadía mediante o correspondente certificado.
- c) Indicar se dispoñen dalgunha axuda, subvención para mesma finalidade. No caso de que esta situación se produza con posterioridade á solicitude da bolsa, as persoas beneficiarias deberán comunicalo á Universidade de Vigo mediante escrito dirixido ao Director do Campus do Mar.
- d) No caso dos/as profesores/as e investigadoras/es contratados polas universidades do Sistema Universitario de Galicia e que figuren no Plan de Organización Docente (POD) dalgunha destas universidades unha vez concedida a bolsa, para formalizar a concesión aportarase o Permiso oficial de ausencia en impreso normalizado da Vicerreitoría con competencias en Organización Académica e Profesorado da súa universidade.

Ademais o beneficiario debe de cumplir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da Lei 38/2013, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, que lle sexa de aplicación.

9. RENUNCIA

A renuncia voluntaria á bolsa deberá facerse por escrito e comunicada á Presidenta da Comisión Avaliadora das axudas. A renuncia sen causa xustificada penalizará e impediralle o acceso a outra bolsa do mesmo obxecto durante un período de 12 meses. Correspóndelle á Presidenta da Comisión Avaliadora a avaliación das causas alegadas.

10. REVOCACIÓN DAS AXUDAS

A concesión destas bolsas pode ser revogada polos seguintes motivos e suporá o reintegro, por parte dos beneficiarios, das cantidades indebidamente percibidas:

- Incumprimento das obrigas especificadas nesta convocatoria
- Ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada
- Incorrer nalgunha das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria

11. DISPOSÍONS ADICIONAIS

As dúbidas que poidan xurdir na interpretación destas normas serán resoltas pola Comisión Avaliadora das axudas.

Calquera reclamación ou queixa que queira presentar un/ha bolseiro/a farase ante a Presidenta da Comisión Avaliadora das axudas.

**BOLSAS DE MOBILIDADE PARA PROFESORES/AS E INVESTIGADORES/AS DO
CAMPUS DO MAR PARA A REALIZACIÓN DE ESTADÍAS EN UNIVERSIDADES DA
REDE CEI.MARNET**

Datos persoais do solicitante:	NIF:
Apelidos:	Nome:
Institución:	
Teléfono:	Correo electrónico:
Tipo de vinculación coa Institución:	

Datos da bolsa que solicita:		
Centro ou Institución receptora:		
Endereço:		País:
Duración prevista:	Inicio	Remate
Persoa responsable da investigación no centro/institución receptor:		
Teléfono:	FAX:	Correo electrónico:
¿Ten solicitada e/ou concedida outra bolsa para a mesma finalidade?		SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>
Organismo:		
¿Atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a seguridade social e non ten pendente de pago ningunha débeda coa administración pública.		SI <input type="checkbox"/> NON <input type="checkbox"/>

O/A solicitante declara a certeza dos datos consignados nesta solicitude e manifesta coñecer e aceptar as bases da presente convocatoria, así como non ter recibido axuda doutra institución, comprometéndose, de serlle concedida a axuda, a cumpri-las condicións esixidas, e comunicar ao Campus do Mar calquera axuda concedida para a mesma finalidade ou a renuncia, no seu caso da axuda concedida.

E SOLICITA:

A admisión da súa instancia de participación no procedemento de avaliación e selección previsto na BOLSAS DE MOBILIDADE PARA PROFESORES/AS E INVESTIGADORES/AS DO CAMPUS DO MAR PARA A REALIZACIÓN DE ESTADÍAS EN UNIVERSIDADES DA REDE CEI.MARNET, para a concesión dunha bolsa para estadías en Universidades da Rede CEI.MARNET.

En a de de 2017

(sinatura)

DIRECTOR DO CAMPUS DO MAR

PLAN DE TRABALLO

Descripción das actividades vinculadas coa docencia ou proxectos de investigación a desenvolver (máximo 3 páxinas)

Calidade do centro e/ou grupo receptor



*CERTIFICADO DE ASISTENCIA DE LA INSTITUCIÓN RECEPTORA
ATTENDANCE CERTIFICATE IN THE HOST INSTITUTION*

DATOS PERSONALES: / APPLICANT:

NOMBRE / FULL NAME:

D.N.I. / N.I.C.:

ORGANISMO / HOME INSTITUTION:

CENTRO RECEPTOR: / HOST INSTITUTION:

NOMBRE / FULL NAME:

DIRECCIÓN / ADDRESS:

PAÍS / COUNTRY:

PERSONA RESPONSABLE EN LA INSTITUCIÓN RECEPTORA / PERSON IN CHARGE IN THE HOST INSTITUTION:

NOMBRE / NAME:

CARGO / POST:

ESTE ES EL CERTIFICADO EN EL CUAL SE HACE REFERENCIA A QUE LA PERSONA ARRIBA MENCIONADA HA PERMANECIDO EN ESTA INSTITUCIÓN DURANTE LAS FECHAS:

THIS IS TO CERTIFY THAT THE ABOVE-MENTIONED PERSON HAS STAYED IN THIS INSTITUTION DURING THE FOLLOWING DATES:

DE / FROM:

A / TO:

Firma y sello (Institución receptora)

Signature & Stamp (Host Institution)

DOCUMENTACION QUE SE ACHEGA

- Solicitud de subvención segundo impreso normalizado
- Plan de traballo
- Documento que acredite a admisión no centro receptor
- Curriculum vitae
- Declaración responsable de non ter recibido axuda doutra institución e compromiso de comunicar ao Campus do Mar
- Declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte a seguridade social e de non ter pendente de pago alguma débeda coa administración pública

ANEXO II: BAREMO DE PUNTUACIÓN DAS SOLICITUDES**a) Méritos Curriculares do/da solicitante (Máximo 70 puntos)**

- Non se poderá presentar un mesmo mérito en dous apartados distintos.
- Soamente serán computables os méritos publicados (en papel ou en formato electrónico con data definitiva de publicación) antes da data fin de presentación de solicitudes da convocatoria correspondente.
- Nos méritos alegados nos que consten máis de tres autores ou autoras, a puntuación baixará un 10% por cada autor/a adicional (90% si son 4, 80% si son 5, etc.).

a.1. Comunicacións a congresos, simposios e reunións científicas.

Documentación xustificativa: se valorará a participación (non a simple asistencia) a congresos con alta consideración académica. Se deberá presentar certificado de asistencia e participación, onde conste o traballo presentado. A equivalencia estará en función do nivel do congreso (nacional ou internacional):

Internacionais	2
Nacionais	1

a.2. Publicacións**REVISTAS: Criterios de clasificación**

Documentación xustificativa: Achegarase copia do artigo. En todo caso deberá constar a data de publicación, o nome da revista e os autores e autoras.

A edición de teses de doutoramento e os resumos de comunicacións a congresos áinda que sexan publicados nunha revista periódica non se considerarán neste apartado.

Se ponderarán tendo en conta os criterios das axencias avaliadoras dos méritos de investigación para os diferentes campos científicos. Terán preferencia as revistas JCR e se puntuarán en función do cuartil, partindo do seguinte baremo:

Revista JCR:

- Q1	15
- Q2	10
- Q3 y Q4	5

Para outras publicacións indexadas propónse coeficientes correctores entre o 0,50 e o 0,75 dun JCR (Q3 o Q4), en función do sistema de avaliação e demais indicios de calidade.

MONOGRAFÍAS E LIBROS con ISBN: Criterios de clasificación de monografías, tratados, libros e edicións críticas.

Documentación xustificativa:

Monografías e libros enteiros: Copia da portada e contraportada, da páxina na que constan o ISBN e a editorial, do índice e das páxinas primeira e última do libro.

Capítulos de libro: Copia da portada e contraportada, da páxina na que constan o ISBN e a editorial, do índice e das páxinas primeira e última do capítulo. As puntuación máximas a conceder son:

Monografías e libros enteiros

Nacionais	10
Internacionais	15

Capítulos

Nacionais	3
Internacionais	6

Só se considerarán aquelas obras que teñan ISBN.

b) Proposta de mobilidade/plan de actividades e centro receptor (Máximo 30)

Interese, calidade e viabilidade da proposta de actividades e calidade do centro receptor.

Documentación xustificativa: Plan de traballo segundo modelo anexo I.